



Guía Docente				
Datos Identificativos				2018/19
Asignatura (*)	Enfermaría materno-infantil		Código	750G01018
Titulación	Grao en Enfermaría			
Descritores				
Ciclo	Período	Curso	Tipo	Créditos
Grao	Anual	Terceiro	Obrigatoria	9
Idioma	Castelán			
Modalidade docente	Presencial			
Prerrequisitos				
Departamento	Ciencias da Saúde			
Coordinación	Rodeño Abelleira, Angeles	Correo electrónico	angeles.rodeno@udc.es	
Profesorado	Piñón Díaz, María Josefa	Correo electrónico	maria.j.pinon.diaz@udc.es	
	Rodeño Abelleira, Angeles		angeles.rodeno@udc.es	
Web	campusvirtual.udc.es/moodle			
Descrición xeral	<p>A través do proceso de aprendizaxe, reflexión e interiorización desenvolvido ao longo da materia, o alumno e a alumna adquiriran os coñecementos, actitudes e habilidades necesarios para:</p> <ul style="list-style-type: none">- Participar na atención da comunidade, tendo en conta a realidade da muller e da poboación infantil e adolescente nela.- Comprender o proceso saúde/enfermidade da muller e do neno e a nena desde o seu nacemento ata a adolescencia, así como os condicionantes físicos, psíquicos, antropolóxicos e da contorna sociofamiliar que o potencian ou dificultan.- Identificar as necesidades de saúde propias da muller, especialmente durante a súa etapa reprodutiva e durante o seu proceso de maternidade.- Prestar coidados de enfermería á muller, que contemplan desde a promoción, o mantemento, a recuperación e a rehabilitación da saúde ligada ao sexo, á reprodución humana, e ao coidado de forma integral da nai.- Analizar criticamente os recursos e dispositivos sociosanitarios que prestan atención á muller.- Realizar as accións encamiñadas á vixilancia e seguimento do neno e a nena sans, así como a detección precoz dos nenos e as nenas de alto risco.- Identificar as necesidades de saúde do neno e nena san ou enfermo, desde o nacemento á adolescencia nos diferentes contextos en que se atopa (familia, comunidade, medio hospitalario)- Valorar e detectalos problemas relacionados coas necesidades básicas alteradas do neno ou nena e do adolescente ou da adolescente.- Establecer unha correcta comunicación co neno, nena, a familia e equipo de saúde.			

Competencias / Resultados do título	
Código	Competencias / Resultados do título
A40	Identificar as características das mulleres nas diferentes etapas do ciclo reprodutivo e no climaterio e nas alteracións que se poden presentar, proporcionando os coidados necesarios en cada etapa.
A41	Aplicar coidados xerais durante o proceso de maternidade para facilitar a adaptación das mulleres e os neonatos ás novas demandas e previr complicacións.
A42	Coñecer os aspectos específicos dos coidados do neonato.
A43	Identificar as características das diferentes etapas da infancia e adolescencia e os factores que condicionan o patrón normal de crecemento e desenvolvemento.
A44	Coñecer os problemas de saúde máis frecuentes na infancia e identificar as súas manifestacións.
A45	Analizar os datos de valoración do neno, identificando os problemas de enfermaría e as complicacións que poden presentarse.
A46	Aplicar as técnicas que integran o coidado de enfermaría, establecendo unha relación terapéutica cos nenos e os seus coidadores.
A47	Seleccionar as intervencións dirixidas ao neno san e ao enfermo, así como as derivadas dos métodos de diagnóstico e tratamento.
A48	Ser capaz de proporcionar educación para a saúde aos padres ou coidadores primarios.
B1	Aprender a aprender.
B2	Resolver problemas de forma efectiva.



B3	Aplicar un pensamento crítico, lóxico e creativo.
B7	Comunicarse de maneira efectiva en un entorno de traballo.
B9	Capacidade de aplicar os coñecementos na práctica.
B10	Capacidade para adaptarse ás situacións novas.
B13	Toma de decisións.
B14	Habilidades interpersonais.
B15	Capacidade para comunicarse con persoas non expertas na materia.
C1	Expresarse correctamente, tanto de forma oral coma escrita, nas linguas oficiais da comunidade autónoma.
C7	Asumir como profesional e cidadán a importancia da aprendizaxe ao longo da vida.
C10	CB2 Que os estudantes saiban aplicar os seus coñecementos a seu traballo ou vocación de unha forma profesional y posúan as competencias que solen demostrarse por medio da elaboración e defensa de argumentos e a resolución de problemas dentro da súa área de estudo.
C11	CB3 Que os estudantes teñan a capacidade de reunir e interpretar datos relevantes (normalmente dentro da súa área de estudo) para emitir xuízos que inclúan una reflexión sobre temas relevantes de índole social, científica ou ética.
C12	CB4 Que os estudantes poidan transmitir información, ideas, problemas e solucións a un público tanto especializado como non especializado

Resultados da aprendizaxe			
Resultados de aprendizaxe	Competencias / Resultados do título		
Recoñecer as enfermidades de transmisión sexual (ETS) máis frecuentes e as súas medidas de prevención.	A40 A41	B1 B2 B3 B7 B9 B10 B13 B14 B15	C1 C7
Planificar coidados de enfermaría nas mulleres con cancro de mama e xinecolóxico	A40 A41 A42 A43 A44 A45 A46 A47 A48	B1 B2 B3 B7 B9 B10 B13 B14 B15	C1 C7
Identificar os diferentes métodos anticonceptivos.	A40 A41 A42 A43 A44 A45 A46 A47 A48	B1 B2 B3 B7 B9 B10 B13 B14 B15	C1 C7



Describir os principais procesos patolóxicos na idade neonatal, na infancia e na adolescencia, as probas diagnósticas e os procedementos terapéuticos	A42 A43 A45 A46 A47 A48	B1 B2 B3	
Describir as necesidades de coidado do neno e nena e da súa familia, identificando e priorizando os diagnósticos de enfermaría e as complicacións potenciais. Planificar coidados relacionados coa especificidade dos pacientes pediátricos e o seu desenvolvemento.	A42 A43 A44 A45 A46 A47 A48	B1 B2 B3 B7 B9 B10 B13 B14 B15	
Demostrar interese e sensibilidade pola infancia, a adolescencia e os seus problemas de saúde na sociedade actual.	A40 A41 A42 A43 A44 A45 A46 A47 A48	B1 B2 B3 B7 B9 B10 B13 B14 B15	C1 C7
Desenvolver habilidades na realización das técnicas e procedementos enfermeiros máis usuais en pediatría, a súa indicación e base científica.	A40 A41 A42 A43 A44 A45 A46 A47 A48	B1 B2 B3 B9 B10 B13 B14 B15	C1 C7
Describir o proceso de fecundación, implantación e desenvolvemento fetal ata o momento do nacemento.	A40 A41 A42 A43 A44 A45 A46 A47 A48	B1 B2 B3 B7 B9 B10 B13 B14 B15	C1 C7



Comprender os principais problemas da saúde reprodutiva.	A40 A41	B1 B2 B3 B7 B9 B10 B13 B14 B15	C10 C11 C12
Identificar as necesidades de coidado das mulleres nas diferentes etapas da xestión, parto e puerperio.	A40 A41 A42 A43 A44 A45 A46 A47 A48	B1 B2 B3 B7 B9 B10 B13 B14 B15	C1 C7
Planificar os cuidados de enfermaría nos diferentes estadios da xestación partos e puerperio.	A40 A41	B1 B2 B3 B7 B9 B10 B13 B14 B15	C1 C7
Identificar las características do neonato/a, a infancia e adolescencia e factores que condicionan o patrón normal de crecemento e desenvolvemento	A42 A43 A44 A45 A46 A47 A48	B1 B2 B3 B7 B9 B10 B13 B14 B15	C1 C7

Contidos	
Temas	Subtemas
UNIDADE 1: REPRODUCCIÓN HUMANA	Tema 1.1: Anatomía feminina. Patoloxía e disfunción do só pélvico. Tema 1.2: Ciclo feminino e alteración do ciclo menstrual. Tema 1.3: Consulta xinecolóxica: entrevista clínica e anamnese. Dor pélvico. Tema 1.4: Desenvolvemento prenatal humano. Tema 1.5: Seminario: Actuación sanitaria nos delitos contra a liberdade sexual da muller.
UNIDADE 2: EMBARAZO NORMAL. CONSULTA DE MATRON/A.	Tema 2.1: Cambios anatomofuncionais no embarazo. Tema 2.2: Protocolo de seguimento no embarazo de baixo risco. Calendario de probas. Tema 2.3: Consulta de a matron/a en atención primaria. Tema 2.4: Profilaxe do risco obstétrico. Actividades de promoción da saúde.



UNIDADE 3: PARTO E PUERPERIO NORMAIS.	<p>Tema 3.1: O parto normal. Estática fetal. Fases do parto normal. Cuidados de enfermaría.</p> <p>Tema 3.2: Valoración da xestante en urxencias. Estratexia de saúde sexual e reproductiva. Novas esixencias de actuación e cuidados. O plan de parto, unidades UTPR.</p> <p>Tema 3.3: Analxesia obstétrica. Métodos alternativos á epidural para o alivio da dor. Cuidados de enfermaría.</p> <p>Tema 3.4: O puerperio normal. Cambios involutivos. Cuidados na estancia hospitalaria e despois da alta.</p>
UNIDADE 4: EMBARAZO DE ALTO RISCO E PATOLOXÍA XESTACIONAL. PARTO E PUERPERIO PATOLÓXICOS.	<p>Tema 4.1. Enfermidades gravídicas. Metrorraxias na xestación.</p> <p>Tema 4.2: Mortalidade perinatal e dó perinatal.</p> <p>Tema 4.3: Partos distócicos.</p> <p>Tema 4.4: Puerperio patolóxico.</p>
UNIDADE 5: A MULLER ANTE A PERSPECTIVA DO EMBARAZO.	<p>Tema 5.1: Defectos conxénitos. Técnicas de detección.</p> <p>Tema 5.2: Interrupción legal do embarazo.</p> <p>Tema 5.3: Infeccións de transmisión sexual e estratexias de prevención.</p> <p>Tema 5.4: Métodos anticonceptivos. Índice PEARL e criterios de elexibilidade da OMS.</p> <p>Tema 5.5: Epidemioloxía, prevención e diagnóstico precoz dos tumores malignos xinecolóxicos e de mama. Virus do papiloma humano e cancro de cérvix. Perspectiva actual do programa de cribado. Técnicas citolóxicas.</p>
UNIDADE 6: LACTANCIA MATERNA.	<p>Tema 6.1: Impronta e vínculo. Pérdida da cultura de aleitamento materno. Fisioloxía da lactancia, superioridade do leite humano. Inicio da lactancia.</p> <p>Tema 6.2: Dificultades no establecemento e mantemento da LM. Tipos de lactancia. Abandono precoz. Ingurxitación e mastite.</p> <p>Tema 6.3: Iniciativa IHANM, estratexias da UNICEF-OMS para o fomento da LM. Implicacións de coidado de enfermaría para as nais lactantes.</p> <p>Tema 6.4: Lactancia, dereito familiar e conciliación laboral.</p>
UNIDADE 7: INTRODUCCIÓN Á ENFERMARÍA PEDIÁTRICA	<p>Tema 7.1.: Características especiais da enfermaría infantil</p> <p>Tema 7.2.: Evolución histórica dos cuidados infantís</p>
UNIDADE 8: COIDADOS DE ENFERMARÍA AOS RECÉN NADOS OU NADAS	<p>Tema 8.1.: Atención ao recen nado ou nada durante o nacemento</p> <p>Tema 8.2.: O recen nado ou nada san</p> <p>Tema 8.3.: O recen nado ou nada con problemas de saúde</p>

Planificación				
Metodoloxías / probas	Competencias / Resultados	Horas lectivas (presenciais e virtuais)	Horas traballo autónomo	Horas totais
Análise de fontes documentais		10	10	20
Sesión maxistral		35	45	80
Proba obxectiva		2	85	87
Estudo de casos		23	10	33
Atención personalizada		5	0	5

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientativo, considerando a heteroxeneidade do alumnado

Metodoloxías	
Metodoloxías	Descrición



Análise de fontes documentais	Técnica metodolóxica que supón a utilización de documentos audiovisuais e/ou bibliográficos (fragmentos de reportaxes documentais ou películas, noticias de actualidade, paneis gráficos, fotografías, biografías, artigos, textos lexislativos, etc.) relevantes para a temática da materia con actividades especificamente deseñadas para a análise dos mesmos. Pódese empregar como introdución xeral a un tema, como instrumento de aplicación do estudo de casos, para a explicación de procesos que non se poden observar directamente, para a presentación de situacións complexas ou como síntese de contidos de carácter teórico ou práctico.
Sesión maxistral	Exposición oral complementada co uso de medios audiovisuais e a introdución de algunhas preguntas dirixidas aos estudantes, coa finalidade de transmitir coñecementos e facilitar a aprendizaxe. A clase maxistral é tamén coñecida como ?conferencia?, ?método expositivo? ou ?lección maxistral?. Esta última modalidade sóese reservar a un tipo especial de lección impartida por un profesor en ocasións especiais, cun contido que supón unha elaboración orixinal e baseada no uso case exclusivo da palabra como vía de transmisión da información á audiencia.
Proba obxectiva	Proba escrita utilizada para a avaliación da aprendizaxe, cuxo trazo distintivo é a posibilidade de determinar se as respostas dadas son ou non correctas. Constitúe un instrumento de medida, elaborado rigorosamente, que permite avaliar coñecementos, capacidades, destrezas, rendemento, aptitudes, actitudes, intelixencia, etc. É de aplicación tanto para a avaliación diagnóstica, formativa como sumativa.
Estudo de casos	Sesiones dirigidas a la resolución de casos prácticos que requieren soluciones creativas y novedosas, para hacer frente a los nuevos escenarios sociales propios de esta sociedad global.

Atención personalizada

Metodoloxías	Descrición
Estudo de casos	

Avaliación

Metodoloxías	Competencias / Resultados	Descrición	Cualificación
Estudo de casos		Sesiones dirigidas a la resolución de casos prácticos que requieren soluciones creativas y novedosas, para hacer frente a los nuevos escenarios sociales propios de esta sociedad global.	25
Proba obxectiva		realización dun exame teórico sobre os temas explicados nas leccións maxistrais	75

Observacións avaliación

--

Fontes de información

--



Bibliografía básica	<p>ENFERMERÍA MATERNAL González-Merlo J. Obstetricia. Barcelona: 6ª ed. Elsevier-Masson, 2013. Comino R. López G. Obstetricia y ginecología. Barcelona: Ariel. 2004. Guías Técnicas da Consellería de Sanidade da Xunta de Galicia. 2009. Estrategia de atención al parto normal en el Sistema Nacional de Salud. Ministerio de Sanidad, Consumo y bienestar social. Gobierno de España. 2012. Gilbert E. Harmon J. Embarazo y parto de Alto riesgo. Madrid: Elsevier, 2003. Asociación Española para el estudio de la Menopausia (AEEM).- Medicina Basada en la Evidencia en Menopausia. Laboratorios EFFIK S.A. 2002. Madrid. Bajo Arenas J M. Melchor Marcos J C. Mercé L. Fundamentos de Obstetricia de la SEGO. Sociedad Española de Obstetricia y Ginecología. Laboratorios Meda. Madrid. Año 2007. ENFERMERÍA INFANTIL Aguilar Cordero MJ. Manual de técnicas y valoración en Enfermería infantil. Granada: Universidad; 2000. Aguilar Cordero MJ. Tratado de Enfermería Infantil. Cuidados Pediátricos. Madrid. Elsevier Science, 2003. Berkowitz F. Pediatría en atención primaria. Barcelona: Interamericana, Mc Graw Hill; 1998. Chaure López I, Inajeros García M. Enfermería Pediátrica. Barcelona: Masson; 2001. Dickason, Silverman, Kaplan. Enfermería Materno-Infantil. Madrid: Harcourt Brace; 1999. Galván Oliert A. Manual de urgencias para Enfermería pediátrica. Sevilla: Mad; 2000. Gómez García CI, Díaz Gómez M, Ruiz García MJ. Enfermería de la infancia y la adolescencia. Madrid: McGraw-Hill; 2001. Luis Rodrigo MT. Los diagnósticos enfermeros. Revisión crítica y guía práctica. 8ª ed. Barcelona: Masson; 2008. Mattson S, Smith JE. Enfermería materno-infantil. 2ª ed. Mexico: McGraw-Hill Interamericana; 2001. North American Nursing Diagnosis Association. Diagnósticos Enfermeros de la NANDA Definiciones y Clasificación 2009-2011. Madrid: Harcourt; 2010. Ruiz González MD, Martínez Barelles RM, González Carrión P. Enfermería del niño y adolescente. Madrid: D A E; 2000. Díaz-Gómez NM. Tratado de enfermería de la infancia y la adolescencia. Madrid. McGraw-hill/Interamericana; 2006. Towle MA. Asistencia de enfermería materno-neonatal. Person; 2010. Fernández Patricia. Manual de enfermería neonatal. Cuidados y procedimientos. Chile: Editorial Mediterráneo; 2009.</p>
Bibliografía complementaria	

Recomendacións

Materias que se recomenda ter cursado previamente

Anatomía/750G01001
 Fisioloxía I/750G01005
 Fundamentos da Enfermaría/750G01007
 Enfermaría Clínica (I y II)/750G01012
 Ética profesional, marco legal e filosofía do coidado/750G01016
 Fundamentos de Enfermaría/750G01107

Materias que se recomenda cursar simultaneamente

Enfermaría Comunitaria II/750G01019
 Estadias Clínicas III/750G01027

Materias que continúan o temario

Estancias Clínicas VI/750G01030
 Estancias Clínicas VII/750G01031
 Practicum/750G01032
 Traballo fin de grao/750G01033

Observacións



Para axudar a conseguir unha contorna inmediata sustentable e cumprir co obxectivo da acción número 5: "Docencia e investigación saudable e sustentable ambiental e social" do "Plan de Acción Green Campus Ferrol":
A entrega dos traballos documentais que se realicen nesta materia realizarase a través de Moodle, en formato dixital sen necesidade de imprimilos, no caso de se realizar en papel: non se empregarán plásticos, realizaranse impresións a dobre cara, empregárase papel reciclado e evitarase a impresión de borradores. Débese facer un uso sostible dos recursos e a prevención de impactos negativos sobre o medio natural tendo en conta a importancia dos principios éticos relacionados cos valores da sustentabilidade nos comportamentos persoais e profesionais. Facilitarase a plena integración do alumnado que por razóns físicas, sensoriais, psíquicas ou socioculturais, experimenten dificultades a un acceso axeitado, igualitario e proveitoso á vida universitaria. Traballarase para identificar e modificar prexuízos e actitudes sexistas, e influirase na contorna para modificalos e fomentar valores de respecto e igualdade, no caso de detectar situacións de discriminación por razón de xénero tomaranse medidas para corrixilas. Na realización dos traballos da materia, o plaxio e a utilización de material non orixinal, incluído aquel obtido a través da internet, sen indicación expresa da súa procedencia e, se é o caso, o permiso do seu autor/a, será cualificado con suspenso (0,0) na actividade. Todo iso sen prexuízo das responsabilidades disciplinarias ás que puidese haber lugar tras o correspondente procedemento.

(*)A Guía docente é o documento onde se visualiza a proposta académica da UDC. Este documento é público e non se pode modificar, salvo casos excepcionais baixo a revisión do órgano competente dacordo coa normativa vixente que establece o proceso de elaboración de guías